

Carballedo, 8 de maio de 2024.- O Alcalde, Julio M. Yebra-Pimentel Blanco.

R. 1321

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN URXENTE DE PSICÓLOGO/A CLÍNICO DO CONCELLO DEMONFORTE

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 29 de abril do 2024 aprobáronse as bases da convocatoria indicada.

As persoas aspirantes que desexen tomar parte no proceso selectivo deberán facelo constar mediante solicitude, dirixida ao Sr. Alcalde - Presidente do Concello de Monforte de Lemos con arreglo ao modelo que figura na páxina web do Concello de (www.monfortedelemos.es).

A presentación das solicitudes farase no Rexistro de documentos do Concello en horario de nove a dúas ou en calquera dos restantes lugares previstos no artigo 16 da lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común, no prazo de DEZ (10) días hábiles a contar dende o día seguinte da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Se as instancias non son presentadas no rexistro do Concello os aspirantes deberán comunicalo o mesmo día da presentación ó correo electrónico rrhh@concellodemonforte.com.

As bases poden ser consultadas na web municipal (www.monfortedelemos.es) e no taboleiro de anuncios.

Monforte de Lemos, 10 de maio de 2024.- O ALCALDE, José Tome Roca.

R. 1344

AS NOGAIS

Anuncio

De acordo coa resolución de Alcaldía ditada o día 8 de maio de 2024, nº2024-0139, aprobáronse as bases específicas para a selección mediante o sistema de **concurso-oposición** posterior contratación de catro persoas para os postos de **peón de obras públicas (4)**, ao abeiro do Plan Único de Cooperación dos Concellos 2024, da Deputación Provincial de Lugo (Reforzo do Emprego).

Duración do Contrato: Cinco meses.

Prazo de presentación de solicitudes: nos cinco días hábiles seguintes á publicación deste anuncio de convocatoria no BOP.

Máis información nas **bases específicas** da convocatoria que poderán ser consultadas na páxina web www.concelloasnogais.es e no **taboleiro de edictos** do Concello de As Nogais.

Este proceso selectivo está **exento de taxas**.

As Nogais, 8 de maio de 2024- O Alcalde, Jesús Manuel Núñez Díaz.

R. 1322

VIVEIRO

Anuncio

Aprobado inicialmente polo Pleno da corporación, en sesión ordinaria celebrada o 8 de maio de 2024, o expediente de modificación do vixente orzamento 2022 prorrogado ao 2024, na modalidade de suplemento de crédito, en cumprimento do disposto no artigo 38 do RD 500/1990 e por remisión o artigo 169 do Real Decreto Legislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, e disposicións concordantes, exponse ó público na Secretaría deste Concello, por prazo de quince días hábiles que empezarán a contar dende o día seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, a fin que durante o mesmo se podan formular reclamacións tal e como dispón o artigo 170 do mesmo texto normativo.